

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE AGOSTO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en segunda convocatoria, o día sete de agosto de 2024, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde en funcións, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. URBANISMO.- Aprobouse inicialmente o “Proxecto de urbanización do Polígono C de Paradai” promovido pola Xunta de Compensación do devandito Polígono.

- Así mesmo aprobouse o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación para o funcionamento das Xuntas de Compensación no Concello de Lugo. Adaptación á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobouse a contratación do servizo de coordinación do Club de Lectura da Biblioteca Municipal Isidro Novo. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto tramitación ordinaria. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2024-C003-000025.

Tamén se aprobou a contratación da subministración mediante lotes de gravas e gravillas para tratamentos superficiais en camiños rurais (Lote 1) e de zavorra (Lote 2). Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de contratación. Expte. Ref. 2024-C004-000018.

Declarouse deserta a concesión demanial para o uso privativo para a explotación do servizo de cafetería-restaurante anexa ó Centro de Empresas e Innovación (Complejo Cei-NodusEspazo> Lab-Parque de Bombeiros. Expte. Ref. 2024/C012/000001.

3. FOMENTO.- Aprobouse o Convenio de colaboración entre a Consellería

de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional co Concello de Lugo sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de Formación Profesional.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

4. BENESTAR SOCIAL.- Aprobouse o Proxecto de Regulamento do Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo.

<i>Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.</i>
--